

ANEXO III
Proba de galego subgrupo A2

DNI	Apelidos	Nome	Corpo/ especialidade
33212532A	Sánchez Camino	Carmen	590011

Resolución do 6 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia, polas que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a presentación dos aspirantes.

De acordo coa base común 6 da Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 17 de abril), pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia, estes tribunais, de conformidade coas instrucións da secretaría xeral, acordan o seguinte:

Primeiro.-Os actos de presentación dos aspirantes e a realización da primeira parte da proba terán lugar nas datas que se sinalan:

-Acto de presentación:

Data: 27 de xuño de 2008.

Hora: 10.00.

-Lugar:

* Tribunal de filosofía, latín, lingua castelá e literatura, xeografía e historia, inglés, música e lingua e literatura galega.

EPA de Pontevedra. Avda de Buenos Aires 26.-36002 Pontevedra.

* Tribunal de matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo, educación física e psicoloxía e pedagogía.

IES Xelmírez I. R/ Poza de Bar, s/n-15705 Santiago de Compostela-A Coruña.

* Tribunal de tecnoloxía, economía, análise e química industrial, formación e orientación laboral, informática, sistemas electrónicos e sistemas electrotécnicos e automáticos.

IES Cruceiro Baleares. Acea de Ama- 15670 O Burgo-Culleredo (A Coruña).

Recórdase que, de conformidade co punto 6.3 da Orde do 9 de abril de 2008, a asistencia ao acto de presentación é obrigatoria, resultando excluídos os aspirantes que non comparezan, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

Segundo.-A orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra V, conforme o sorteo realizado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2008 (DOG do 19 de febreiro). Os tribunais que non contén con aspirantes cuxo apelido empece pola letra indicada iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 23 de maio de 2008 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).

A Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, dispón no seu artigo 2 que a selección de persoal das entidades, fundacións e sociedades mencionadas no seu artigo 1, entre as que se atopa incluída o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, efectuarase con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. Así mesmo dispón no artigo 1.2º que a actuación en materia de persoal e contratación se someterá obrigatoriedade a un plan de igualdade para eliminar a discriminación por razón de sexo.

A devandita Lei 10/1996, no seu artigo 7.2º, sinala a posibilidade de que as entidades de dereito público se acollan a un sistema de listas previo por categorías, para proceder á celebración de contratos laborais de duración determinada, que se confeccionará despois do pertinente anuncio público, de con-

formidade co baremo aprobado pola entidade respectiva.

Polo exposto, o presidente do Ingacal, no exercicio da competencia prevista no artigo 8 do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, e tras o acordo do consello de dirección do Ingacal do 30 de abril de 2008, resolve convocar o proceso de elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Estas bases regulan o proceso de presentación de solicitudes e elaboración de listas para a cobertura, con carácter temporal, de determinados postos de traballo no Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Segunda.-Solicitudes.

As persoas interesadas en formaren parte dunha ou de varias categorías ou listas deberán presentar as súas solicitudes, segundo o modelo anexo II, xunto coa documentación que se indica nas bases «Terceira.-*Requisitos xerais*», «Cuarta.-*Requisitos específicos de cada categoría*», e «Quinta.-*Baremo de méritos*» desta resolución no prazo de trinta días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, rúa das Fontiñas 31-baixo, 15073 Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

No caso de que unha persoa solicite a súa inclusión en máis dunha categoría ou lista, terá que presentar unha solicitude por categoría ou lista, e xuntaralle a cada unha delas o xustificante de ingreso da taxa correspondente. Conforme o establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas, non será necesaria a presentación dos documentos exixidos que xa estean en poder do Ingacal.

Terceira.-Requisitos xerais.

Para poder inscribirse nas listas, ademais dos requiridos para cada categoría, as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Ser español, ou nacional dun estado membro da Unión Europea, ou nacional daqueles estados en que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por

España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España, así como o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe dos españois e dos nacionais de países membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade, que vivan ás súas expensas. Este beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España.

b) Ter cumpridos os 18 anos e non ter acadada a idade de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función pública.

e) Presentar xustificante de ter aboadas as taxas administrativas establecidas pola Xunta de Galicia con carácter xeral para a inscrición nas listas para a cobertura temporal de postos de traballo na comunidade autónoma, que para o ano 2008 ascenden a 16,65 €. Estarán exentos do pagamento destas taxas as persoas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa instancia.

Para facer efectivo o ingreso da taxa deberá empregarse o impreso de autoliquidación formalizado pola Xunta de Galicia, que será facilitado no rexistro xeral do Ingacal, no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais de Xunta de Galicia, cubriranse cos seguintes códigos:

Consellería: Medio Rural: 09.

Delegación: Servizos Centrais: 13.

Centros de Investigación Agraria: 06.

Taxa: 300300.

A presentación do xustificante de ingreso das taxas en que non figure o selo da entidade bancaria coa indicación da data, determinará a exclusión do solicitante.

Poderase facer efectivo, así mesmo, o pagamento a través da oficina virtual tributaria da web da Consellería de Economía e Facenda (www.economiaefacenda.org).

Neste caso imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia.

O importe aboado en concepto de dereitos de inscrición devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, ás persoas excluídas que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de excluídos/as.

Cuarta.-Requisitos específicos de cada categoría.

Todas as categorías terán como requisito imprescindible ter obtido o título ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou equivalente. Ademais serán requisitos propios de cada categoría os seguintes:

1. Categoría de técnico I. Titulación universitaria superior. As titulacións requiridas son: enxeñaría agronómica ou de montes, licenciatura en veterinaria, farmacia, química, bioloxía, economía, ou ciencia e tecnoloxía dos alimentos.

2. Categoría de técnico II. Titulación universitaria de grao medio. As titulacións requiridas son: enxeñaría técnica agrícola ou forestal.

3. Categoría de analista de laboratorio. Titulación de formación profesional (FP) de ciclo superior ou equivalente, na familia química.

4. Categoría de oficial 1º de campo. Titulación de FP de ciclo superior ou equivalente, na familia agraria.

5. Categoría de administrativo/a. Titulación de FP de ciclo superior ou equivalente, na familia administrativa.

6. Categoría de técnico informático. Titulación de FP de ciclo superior ou equivalente, na familia informática.

7. Categoría de auxiliar de laboratorio. Titulación de FP de ciclo medio ou equivalente, na familia química.

8. Categoría de oficial 2º de campo. Titulación de FP de ciclo medio ou equivalente, na familia agraria.

9. Categoría de auxiliar administrativo/a. Titulación de FP de ciclo medio ou equivalente, na familia administrativa.

Os aspirantes que, presentándose ás probas para a selección do Ingacal para a contratación de persoal fixo (DOG nº 48, do 7 de marzo de 2008) nas prazas de xefe de Negociado que, superando o primeiro exercicio da fase de oposición, non acadasen a condición de persoal laboral fixo, pasarán a formar parte da lista correspondente á categoría de administrativo/a, logo da conformidade dos interesados.

Quinta.-Baremo de méritos.

A orde de prelación virá indicada pola suma das puntuacións acadadas nos puntos 1, 2, 3 e 4 do seguinte baremo de méritos:

1. Experiencia laboral ata un máximo de 20 puntos. Aplicable a todas as categorías.

1.1. Servizos prestados baixo calquera modalidade de contrato laboral ou como funcionario interino no Ingacal ou nos centros da Consellería do Medio Rural que pasaron a depender do Ingacal, na mesma ou equivalente categoría profesional: 0,5 puntos por mes completo, cun máximo de 20 puntos. Xustifícase mediante certificación de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e ademais certificado dos directores dos centros do Ingacal ou copia cotexada dos contratos de traballo.

1.2. Servizos prestados baixo calquera modalidade de contrato laboral ou como funcionario interino en calquera consellería da Xunta de Galicia, entidade de dereito público ou organismo autónomo dependente, na mesma ou equivalente categoría profesional: 0,4 puntos por mes completo, cun máximo de 16 puntos. Xustifícase mediante certificado expedido polo secretario xeral, subdirector xeral, ou xefe de servizo que teña atribuídas funcións en materia de xestión de persoal das consellerías onde prestou ou presta servizos, ou dos organismos ou entidades dependentes.

1.3. Servizos prestados baixo calquera modalidade de contrato laboral ou como funcionario interino noutras administracións públicas diferentes da Xunta de Galicia ou entidades de dereito privado, así como servizos prestados nos centros da Consellería do Medio Rural que pasaron a depender do Ingacal, non recollidos nos puntos anteriores 1.1. e 1.2. do baremo de méritos, na mesma ou equivalente categoría profesional: 0,3 puntos por mes completo, cun máximo de 12 puntos. Xustifícase mediante os seguintes documentos: certificación do responsable de persoal das entidades correspondentes, no caso de administracións públicas diferentes da Xunta de Galicia; certificación de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e copia cotexada dos contratos de traballo no caso de entidades privadas ou, se é o caso, certificación de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e certificado da dirección dos centros do Ingacal.

2. Probas selectivas previas ata un máximo de 20 puntos. Aplicable a todas as categorías.

Pola superación de probas do último proceso selectivo á condición de persoal laboral fixo ou funcionario da Administración autonómica para a mesma ou equivalente categoría laboral, cun máximo de 20 puntos. A fórmula para o cálculo será a suma das notas obtidas nas probas superadas no proceso selectivo multiplicada por 20 e dividida pola suma das notas máximas posibles de todas as probas do

proceso selectivo. Xustificárase mediante certificado expedido pola autoridade competente en materia de función pública.

3. Demandante de emprego ata un máximo de 3 puntos. Aplicable a todas as categorías.

Por cada mes acreditado como demandante de emprego: 0,125 por mes completo. Para estes efectos computárase só o tempo transcorrido nesta situación nos dous anos anteriores ao día 1 de xaneiro do ano en que se publique o anuncio da convocatoria para a inscrición na lista respectiva. Xustificárase mediante certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e ademais do Informe do Servizo Galego de Colocación de estar inscrito como demandante de emprego e de non ter rexeitados cursos de formación nin ofertas de traballo.

4. Coñecementos e experiencia profesional en áreas específicas, ata un máximo de 20 puntos. Aplicable só ás categorías 1 e 2 de técnico.

4.1. Laboratorio agrario e fitopatolóxico de Galicia e Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. Abríranse catro listas dentro da categoría 1 de técnico I para estes laboratorios. As denominacións destas listas son:

1.a. Análises de diagnóstico fitopatolóxico.

1.b. Análises químicas de residuos de produtos fitosanitarios.

1.c. Análises químicas dos medios da produción e dos produtos agrarios e alimentarios.

1.d. Procesos de acreditación de ensaios químicos.

Para estas listas, a valoración será de 0,4 puntos por mes completo de experiencia na súa correspondente especialidade para cada unha das listas arriba indicadas ata un máximo de 16 puntos. No caso de que a experiencia que se acredite utilice a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, a valoración anterior multiplicárase por 1,25. Xustificárase mediante certificación de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e ademais certificado dos responsables dos centros de traballo que indiquen a experiencia nas especialidades mencionadas arriba.

4.2. Centros de Investigación e Estacións Experimentais. Abríranse oito listas dentro da categoría 1 de técnico I para os devanditos centros, segundo as especialidades de coñecemento. As denominacións destas listas, son:

1.e. Viticultura e enoloxía.

1.f. Producción vexetal.

1.g. Producción animal.

1.h. Sanidade animal.

1.i. Economía, socioloxía e política agraria.

1.j. Tecnoloxía de alimentos.

1.k. Industrias agrarias e enxeñaría rural.

1.l. Tecnoloxía do ambiente de actividades agrarias.

A valoración das especialidades de coñecemento en cada lista dos centros de Investigación e Experimentación realizarase como segue:

-Por ter obtido o título de doutor: 4 puntos, que se acreditará mediante copia cotexada do título orixinal.

-Coñecementos de inglés: 1,5 puntos, que se acreditará por certificado do 4º curso da Escola Oficial de Idiomas, ou título ou certificado emitido por unha universidade de lingua inglesa, ou similar.

-Participación en actividades de I+D e publicacións: ata un máximo de 14,5 puntos, segundo o seguinte baremo:

Participación en	Puntuación por acción relacionada coa especialidade de coñecemento na que se solicita a inclusión nas listas	Acreditación
Proxectos de investigación	0,35 puntos por proxecto de investigación. No caso de ser o investigador principal, 0,7 puntos por proxecto. Máximo de 3,5 puntos. Os puntos se calculan para un tempo máximo de 36 meses por proxecto, ou a súa proporción por meses completos traballados no proxecto.	Certificado do director do centro onde execute ou executou o proxecto coa indicación do título, e o tempo traballado no proxecto.
Publicacións internacionais nos índices SCI, JRC, ISI	0,4 puntos por publicación. No caso de ser o primeiro asinante, 0,8 puntos por publicación. Máximo de 6 puntos.	Copia da primeira folla da publicación, onde se reflicte o título, os participantes, e o nome da publicación.
Publicacións de ámbito estatal	0,3 puntos por publicación. No caso de ser o primeiro asinante, 0,6 puntos por publicación. Máximo de 3 puntos.	Copia da primeira folla da publicación onde se reflicte o título, os participantes, e o nome da publicación.
Comunicacións a congresos	0,2 puntos por congreso. Máximo de 2 puntos.	Copia da primeira folla da publicación.

4.3. Departamento de Calidade Diferencial do Ingacal. Abríranse dúas listas, unha na categoría 1 de técnico I e outra na categoría 2 de técnico II. As denominacións destas listas, son:

1.m. Calidade alimentaria (1).

2. Calidade alimentaria (2).

Este punto valorarase cun máximo de 20 puntos, de acordo co seguinte baremo:

-Por cada mes completo de experiencia laboral acreditada no Ingacal en tarefas relacionadas coa protección, certificación ou control da calidade alimentaria: 0,5 puntos.

-Por cada mes completo de experiencia laboral acreditada en consellos reguladores ou na Xunta de Galicia en tarefas relacionadas coa protección, certificación ou control da calidade alimentaria: 0,4 puntos.

-Por cada mes completo de experiencia laboral acreditada en administracións públicas diferentes da Xunta de Galicia ou entidades de dereito privado en tarefas relacionadas coa protección, certificación ou control da calidade alimentaria: 0,3 puntos.

Xustificarse mediante certificación de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e ademais certificado dos responsables dos centros de traballo que indiquen a experiencia nas especialidades mencionadas arriba.

Os aspirantes que presentándose ás probas para a selección do Ingacal para a contratación de persoal fixo (DOG nº 48, do 7 de marzo de 2008) nas prazas de xefe de Departamento de Protección da Calidade Diferencial e técnico de Departamento de Protección da Calidade Diferencial que superando o primeiro exercicio da fase de oposición, non acadasen a condición de persoal laboral fixo, pasarán a formar parte da lista correspondente á categoría técnico I, de calidade alimentaria, logo da conformidade dos interesados.

5. De producirse empate terán prioridade as mulleres, de persistir o empate prevalecerá a maior idade da persoa solicitante, e de persistir empate a letra vixente no resultado do sorteo para participar en procesos selectivos do ano natural anterior da Xunta de Galicia.

Sexta.-Elaboración das listas.

Para a elaboración das listas, o seu control e a súa correcta utilización, nomearase unha comisión paritaria de selección, que será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que puidesen presentarse terá a seguinte composición:

-Presidente: o director do Ingacal ou persoa en quen delegue.

-Secretario: o secretario técnico do Ingacal, con voz pero sen voto.

-Vogais:

-O director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

-O director do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Lafiga).

-O director da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega).

-Tres representantes dos traballadores.

No caso de que algún dos membros do tribunal por parte do Ingacal non poida formar parte del por causas razoadas, o director do Ingacal nomeará outro funcionario para a súa substitución.

As listas provisionais e definitivas das puntuacións acadadas polas persoas admitidas, así como a relación das excluídas e as súas causas de exclusión, serán publicadas no taboleiro de anuncios dos centros do Ingacal e na súa páxina web.

Sétima.-Chamamentos aos aspirantes.

As comunicacións ás persoas que vaian cubrir temporalmente algún posto de traballo no instituto efectuaranse por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción.

Oitava.-Situación nas listas.

As persoas que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación, non se presenten ou renuncien ao posto ofertado, quedarán excluídas da lista.

Unha vez contratada e logo de rematado o contrato de traballo, pasará a ocupar o último lugar da lista, agás que a substitución sexa por tempo inferior a 12 meses, caso en que se incorporará de novo á lista correspondente no mesmo lugar que ocupaba inicialmente.

Novena.-Vixencia das listas.

As listas, elaboradas conforme as bases recollidas nesta resolución, prescribirán aos dous anos da súa elaboración, agás que durante ese tempo o Ingacal convoque algún proceso selectivo que dea lugar á confección dunhas novas listas de oficio.

Décima.-Impugnacións.

Contra esta convocatoria, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o presidente do Ingacal, nos termos previstos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Presidente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria

ANEXO I

Categorías	Listas
Técnico I	1a Análises de diagnóstico fitopatolóxico
	1b Análises químicas de residuos de produtos fitosanitarios
	1c Análises químicas dos medios da produción e dos produtos agrarios e alimentarios
	1d Procesos de acreditación de ensaios químicos
	1e Viticultura e enoloxía
	1f Producción vexetal
	1g Producción animal
	1h Sanidade animal
	1i Economía, socioloxía e política agraria
	1j Tecnoloxía de alimentos
	1k Industrias agrarias e enxeñaría rural
	1l Tecnoloxía do ambiente de actividades agrarias
	1m Calidade alimentaria (1)
Técnico II	2 Calidade alimentaria (2)
Analista de laboratorio	3 Analista de laboratorio
Oficial 1º de campo	4 Oficial 1º de campo
Administrativo/a	5 Administrativo/a
Técnico informático	6 Técnico informático
Auxiliar de laboratorio	7 Auxiliar de laboratorio
Oficial 2º de campo	8 Oficial 2º de campo
Auxiliar administrativo/a	9 Auxiliar administrativo/a



ANEXO II

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NAS LISTAS POR CATEGORÍAS PROFESIONAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR800A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSONAIS

NOME E APELIDOS		NIF	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO			

CATEGORÍA Á QUE OPTA	TITULACIÓN EXIXIDA NA CONVOCATORÍA	OUTRAS
----------------------	------------------------------------	--------

SE OPTA Á CATEGORÍA DE TÉCNICO I, LISTA NA QUE SOLICITA A SÚA INCLUSIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> Xustificante de pagamento da taxa administrativa <input type="checkbox"/> Titulación académica <input type="checkbox"/> Certificado de acreditación de coñecemento do galego <input type="checkbox"/> Carné de conducir <input type="checkbox"/> Certificado de minusvalidez <input type="checkbox"/> Certificación de servizos prestados <input type="checkbox"/> Copia cotexada do título de doutor	<input type="checkbox"/> Certificado da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social <input type="checkbox"/> Informe do Servizo Galego de Colocación, de inscrición como demandante de emprego <input type="checkbox"/> Certificación de calificación do último proceso selectivo da Administración autonómica <input type="checkbox"/> Certificación de participación en proxectos de investigación <input type="checkbox"/> Acreditación de publicacións internacionais <input type="checkbox"/> Acreditación de publicacións estatais <input type="checkbox"/> Acreditación de participación en congresos <input type="checkbox"/> Documento acreditativo do coñecemento de inglés
--	---

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento ao Ingacal para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 23 de maio de 2008 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas por categorías profesionais para a contratación de persoal laboral temporal no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOAL QUE O REPRESENTA En _____, _____		